

Regulamentación dos certificados de IP e participante en proxectos internacionais de investigación

Contexto

A Oficina de Proxectos Internacionais, na súa Área de Investigación, ten as competencias para a elaboración dos certificados de participación ou liderado nos proxectos internacionais de investigación. Dada a variada casuística de persoal investigador que nos atopamos, con diferentes consideracións e situacións laborais dentro da UVigo, así como o crecente volume de solicitudes para compartir o liderado e orzamento de proxectos de índole internacional, vémonos na obriga de ofrecer a presente proposta para regular a elaboración de certificados de proxectos internacionais de investigación.

A certificación como IP de proxecto

Desde o momento da aprobación do proxecto, considerarase que a persoa IP (investigadora principal) do mesmo é aquel que conste como primeiro contacto principal na proposta presentada, a menos que na súa preparación ou no momento da concesión se informe por escrito da necesidade de incluír a unha persoa diferente. O certificado desta figura xérase automaticamente na solicitude de certificados unha vez que o proxecto comeza, nunca antes.

Nalgúns casos, contéplase a posibilidade de que existan varias persoas IP, segundo o estipulado na regulamentación da participación como co-IP en proxectos internacionais de investigación. Os certificados desta modalidade non son automáticos e deberán solicitarse á OPI - Área Administrativa, que terá constancia dos acordos de reparto pertinentes entre os IPs, sexan do mesmo ou de distinto grupo de investigación.

Para aqueles proxectos antigos nos que poida non existir un acordo que demostre a existencia de varias persoas IP, será a OPI- Área de Investigación a encargada de revisar o historial do proxecto e anteriores certificacións para emitir un escrito que substitúa o acordo, nos casos nos que proceda.

Persoal non estable como IP e a figura de supervisor/a

Cando a persoa que solicita ser IP nun proxecto non ten aínda unha relación laboral estable coa UVigo, poderá participar como IP, en igualdade de condicións que calquera outra persoa IP de proxecto

internacional de investigación da UVigo, co previo visto bo da Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación, no caso de que:

1. A duración do seu contrato sexa superior á duración do proxecto
2. Estea en situación de estabilización inminente ou exista un compromiso de estabilización
3. Presente por escrito o acordo con outra persoa do mesmo grupo que exerza de supervisora e se comprometa a continuar o proxecto no caso de que o IP inicial non puidese continuar.

A certificación como participante de proxecto

No momento da apertura dun proxecto, a persoa IP deberá enviar á OPI – Área Administrativa a listaxe de participantes no proxecto. Para actualizar a listaxe de participantes será necesario acompañar a listaxe dunha motivación da incoportación, xustificando as actividades que o novo persoal levará a cabo no proxecto. Non se poderá actualizar a listaxe de participantes tras a finalización do proxecto.

A listaxe de persoal deberá conter tanto a categoría do persoal como a tipoloxía do seu contrato, de cara a asegurar a correcta certificación de méritos e imputación horaria nas xustificacións. A persoa IP do proxecto será a responsable da veracidade dos datos introducidos e do cumprimento co estipulado no presente procedemento, tendo en conta que persoal pode aparecer nesta listaxe e cal non, de cara a non incluír persoal cuxa participación non pode ser certificada. O persoal cuxa participación si se pode certificar é:

1. Todo tipo de PDI que teña carga investigadora (non poderán incluírse asociados, invitados, substitutos, etc.)
2. O persoal financiado ao 100% polo proxecto (que non poderá declarar horas, participar ou aparecer nas listaxes de participantes doutros proxectos distintos de aquel polo que está financiado)
3. O persoal investigador contratado por GRC, GPC, Centros ou Institutos de Investigación, AEIs ou esquemas análogos
4. O persoal investigador distinguido
5. O persoal de convocatorias de programas de recursos humanos de investigación, excepto aqueles que teñan vinculación única e exclusiva ao proxecto que deu lugar á axuda (poden participar, por exemplo: María Zambrano, Ramón y Cajal, etc.)
6. As persoas estudantes sempre que estean dados de alta no grupo de investigación e matriculados nun programa de doutoramento

A posibilidade de emitir un certificado de participación non implica a imputación de horas ao proxecto, que só poderá darse para os casos 1, 2 e para os contratados con fondos propios UVigo.

Persoal externo á UVigo

No caso das persoas participantes en proxectos que pertencen a entidades distintas da UVigo, só se poderá certificar a súa participación do proxecto naqueles casos nos que:

1. A persoa pertenza un grupo de investigación da UVigo e conste como tal no SUXI
2. Exista autorización expresa escrita e asinada pola persoa responsable da súa entidade de orixe conforme se lle permite participar no proxecto do que solicita un certificado

O certificado de persoal externo non será automático e contará cun modelo propio xerado pola OPI - Área Administrativa.

Entrada en vigor e aplicación

Este procedemento será de aplicación dende a súa aprobación exclusivamente para todos os proxectos internacionais de investigación aperturados dende o 1 de xaneiro de 2024, incluído.